

## 1. situación económica de Galicia

panorama xeral

producción

demanda interna

sector exterior

inflación e tipos de cambio



## 1.1. panoramaxeral

ESTE CAPÍTULO TEN COMO OBXECTIVO presenta-lo marco económico xeral no que se desenvolve a economía galega. En primeiro lugar analízase o panorama económico internacional (OCDE, UE-15, zona euro, Estados Unidos e Xapón), para descender posteriormente ó contexto español e á análise dos datos da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Os países da OCDE no seu conxunto presentaron en 2003 unha medra da súa actividade económica do 2,0% respecto ó ano anterior, dúas décimas máis do que o fixera en 2002. Este maior dinamismo prodúcese tanto na economía estadounidense como no Xapón, xa que os países da zona euro e os da UE-15 considerados no seu conxunto rexistran unha desaceleración no seu ritmo de crecemento.

A economía española, ó contrario do acontecido no conxunto de Europa, presenta unha aceleración da súa actividade productiva, que acada unha taxa de crecemento do 2,5% en 2003 fronte ó 2,2% do ano anterior.

A análise deste marco económico parte da información facilitada pola OCDE, o Eurostat, o INE, o Banco de España e o INE de Portugal.

Finalmente, analízase a converxencia real da economía galega respecto ó conxunto do Estado e á UE, tendo en conta os indicadores presentados nos Informes Intermedios da Cohesión Económico e Social da Comisión Europea así como na Contabilidade Regional do INE. Cómpre salientar, por unha banda, a converxencia da economía galega coa media estatal e europea. Por outra, se se consideran os 10 países candidatos a formar parte da UE en maio de 2004, Galicia seguiría sendo unha rexión obxectivo 1 ó representa-lo seu PIB per cápita o 73,0% da media comunitaria.

### Panorama económico internacional

Ó igual que o acontecido en 2002, ó longo do ano 2003 os países da OCDE presentaron, no seu conxunto, unha aceleración da súa produción, que medrou un 2,0% respecto ó ano anterior (dúas décimas máis que o rexistrado en 2002). Atendendo ás tres grandes áreas económicas, este maior dinamismo prodúcese pola evolución das economías estadounidense e da xaponesa, xa que os países da UE volven a experimentar, en conxunto, unha ralentización no seu ritmo de crecemento.

No concernente á **Unión Europea** (UE-15), os datos relativos ó total do ano 2003 amosan que continúa a ralentización do crecemento económico, ó experimentar unha medra do PIB real do 0,7%, catro décimas inferior á do ano anterior. Esta ralentización prodúcese polo comportamento do sector exterior, xa que a demanda interna rexistra en 2003 un crecemento do 1,4%, seis décimas máis que en 2002. Os países da zona euro presentan unha tendencia similar, dado que a produción medra un 0,5% (catro décimas menos que

en 2002) sendo a taxa de crecemento da demanda interna, **cadro 1.1.1.**, do 1,2% (oito décimas máis que en 2002).

A taxa de inflación en Europa, medida a través do deflactor do PIB, presenta na zona euro un nivel do 1,9% e de 2,1% no conxunto da UE-15 (2,4% e 2,5% respectivamente en 2002). Do mesmo xeito que acontecía no ano anterior, o deflactor do PIB nestas dúas áreas é superior ó nivel existente no conxunto da OCDE, que foi 1,8% en 2003 (2,1% en 2002).

No concernente ó mercado laboral, a taxa de desemprego volveu a rexistrar unha medra tanto na zona euro como nos conxunto dos países da UE. Nos países da zona euro a taxa de desemprego situouse en 8,8% en 2003 (catro décimas máis que no ano 2002), sendo na Europa dos quince do 8,0% (7,7% en 2002) e no conxunto da OCDE do 7,1% (6,9% no ano 2002).

A economía de **Estados Unidos** presentou en 2003 un crecemento do 2,9%, medio punto porcentual máis que a taxa de crecemento de 2002. Como reflicte o **cadro 1.1.1.** a demanda interna nos Estados Unidos medrou un 3,1% (3,0% en 2002) en tanto que no que ó sector exterior se refire, cómpre salienta-lo incremento do valor das exportacións (1,4%) fronte ó descenso dos dous anos anteriores. A taxa de inflación medrou un 1,6% en 2003 fronte ó 1,1% do ano anterior, en tanto que a taxa de desemprego foi de 6,1%, tres décimas superior á rexistrada no ano anterior.

A economía de **Xapón** presentou un crecemento do 2,7%, dous puntos e medio superior á rexistrada en 2002. A principal contribución ó crecemento corresponde á demanda interna, que despois da caída de medio punto porcentual de 2002, presenta unha medra de 2,3%. No que ó sector exterior se refire, o devandito **cadro 1.1.1.** amosa un incre-

## 1.1.1.

## Economía internacional 2001-03: evolución dos principais indicadores

	2001	2002	2003
	<i>(taxa de crecemento sobre o mesmo período do ano anterior)</i>		
<b>Producto Interior Bruto (1)</b>			
OCDE	0,9	1,8	2,0
EE.UU.	0,3	2,4	2,9
Xapón	0,4	0,2	2,7
Zona Euro	1,7	0,9	0,5
UE-15	1,7	1,1	0,7
<b>Demanda interna (1)</b>			
OCDE	0,6	1,9	2,4
EE.UU.	0,4	3,0	3,1
Xapón	1,1	-0,5	2,3
Zona Euro	1,1	0,4	1,2
UE-15	1,3	0,8	1,4
<b>Exportacións (1)</b>			
OCDE	-1,5	1,6	2,1
EE.UU.	-5,4	-1,6	1,4
Xapón	-6,0	8,1	7,5
Zona Euro	3,4	1,6	-0,6
UE-15	3,0	1,0	-0,3
<b>Importacións (1)</b>			
OCDE	-1,0	2,9	3,6
EE.UU.	-2,9	3,7	3,6
Xapón	0,1	2,0	4,5
<b>Deflactor PIB</b>			
OCDE	2,9	2,1	1,8
EE.UU.	2,4	1,1	1,6
Xapón	-1,6	-1,7	-2,5
Zona Euro	2,4	2,4	1,9
UE-15	2,4	2,5	2,1
<b>Productividade sect. empresarial</b>			
OCDE	0,4	2,2	2,0
EE.UU.	0,4	4,2	3,1
Xapón	0,8	1,5	2,8
Zona Euro	0,1	0,5	0,6
UE-15	0,4	0,7	0,8
<b>Tipo de xuro a curto prazo</b>		(%)	
EE.UU.	3,7	1,8	1,2
Xapón	0,1	0,1	0,0
Zona Euro	4,3	3,3	2,3
<b>Tipo de xuro a longo prazo</b>			
EE.UU.	5,0	4,6	4,0
Xapón	1,3	1,3	1,1
Zona Euro	5,0	4,9	4,2
<b>Taxa de desemprego</b>			
OCDE	6,4	6,9	7,1
EE.UU.	4,8	5,8	6,1
Xapón	5,0	5,4	5,3
Zona Euro	8,0	8,4	8,8
UE-15	7,3	7,7	8,0

(1) en termos reais  
 Fonte: OCDE, *Economic Outlook*

mento das exportacións do 7,5% (seis décimas menos que en 2002) e unha medra do 4,5% no caso das importacións (2,5 puntos porcentuais máis que no ano anterior). No concernente ó desemprego e á inflación, ós datos seguen a ser negativos xa que, dunha banda, a taxa de desemprego mantense unha décima por baixo do seu máximo histórico marcado en 2002 (5,4%), e doutra, a inflación, medida polo deflactor do PIB, continúa o proceso de deflación experimentado nos últimos anos (-2,5% en 2003).

## Panorama económico de España

A economía española ó longo do ano 2002 experimentou unha reactivación no seu ritmo de crecemento, que se saldou cunha aceleración no seu ritmo de creación de emprego. No último ano a taxa española de inflación, medida polo índice de prezos ó consumo, seguiu estando por riba da taxa prevista inicialmente polo goberno, sendo superior á inflación media –medida a través do índice de prezos harmonizados– do conxunto da UE.

## 1.1.2.

Evolución do PIB e das súas compoñentes en España 2002-03 <sup>(1)</sup>

	2002	2003	2003			
			trimestres			
			I	II	III	IV
<b>Gasto en consumo final</b>	3,1	3,1	3,1	2,9	3,2	3,2
Gasto en consumo final dos fogares	2,8	2,9	2,8	2,7	3,0	2,9
Gasto en consumo final das ISFLSH	4,3	4,6	4,9	5,3	4,9	3,5
Gasto en consumo final das AA.PP.	4,1	3,9	4,0	3,5	3,8	4,2
<b>Formación bruta de capital fixo</b>	1,7	3,2	3,4	3,6	3,1	2,6
Bens de equipamento	-5,4	1,0	1,7	1,7	1,0	-0,3
Construcción	5,2	4,3	4,2	4,6	4,1	4,2
Outros produtos	3,0	3,0	3,4	3,3	2,9	2,4
<b>Variación de existencias (2)</b>	0,0	0,1	-0,8	-0,2	0,9	0,4
<b>Demanda interna</b>	2,9	3,3	2,4	2,9	4,2	3,6
<b>Exportacións de bens e servizos</b>	1,2	2,6	1,9	3,9	3,1	1,6
Exportacións de bens	3,0	3,9	2,9	5,3	4,7	2,7
Exportacións de servizos	-2,6	-0,4	-0,5	0,5	-0,6	-1,1
<b>Importacións de bens e servizos</b>	3,1	4,8	2,8	4,7	7,9	3,7
Importacións de bens	3,4	5,2	2,5	4,8	9,2	4,1
Importacións de servizos	1,6	2,8	4,1	4,1	1,3	1,8
<b>PIB a prezos de mercado</b>	2,2	2,5	2,1	2,5	2,6	2,8
Ramas agraria e pesqueira	1,7	-1,4	-2,9	-1,7	-1,2	0,5
Ramas enerxéticas	0,9	1,3	0,3	0,9	2,9	1,2
Ramas industriais	0,6	1,3	1,9	1,3	0,6	1,2
Construcción	5,2	4,3	4,4	5,1	4,1	3,5
Ramas dos servizos	2,3	2,4	1,9	2,2	2,6	2,7
servizos de mercado	2,2	2,1	1,5	2,1	2,4	2,4
servizos de non mercado	2,7	3,3	3,1	2,8	3,3	3,9
<b>Impostos netos sobre os produtos</b>	3,0	6,5	4,4	7,5	6,2	7,8
IVE que grava os produtos	2,3	5,3	3,2	7,3	4,9	6,0
Impostos netos sobre prod. importados	-0,3	5,9	3,3	4,0	9,1	7,3
Outros impostos netos sobre os produtos	4,6	8,7	7,0	8,0	8,6	11,1

(1) Taxas de variación interanual. Prezos constantes de 1995

(2) contribución ó crecemento do PIB

Fonte: INE, Contabilidad Nacional Trimestral de España

O Produto Interior Bruto xerado pola economía española ó longo do ano 2003 rexistrou unha medra real do 2,5% con respecto ó ano anterior, tres décimas máis do experimentado no ano 2002. Esta aceleración da actividade xeral trasladouse ó mercado de traballo, onde o total de postos de traballo a tempo completo xerado medra un 1,8% (3 décimas máis que en 2002), o que supuxo a creación neta de 290 mil postos de traballo.

Dende a óptica da **demanda**, o **cadro 1.1.2.** amosa un comportamento dispar entre a demanda interna e a exterior. Dunha banda, a primeira experimenta unha aceleración, por mor dun maior volume de gasto das familias e do investimento. Doutra, a achega negativa da demanda exterior ó crecemento é máis negativa que en 2002 ó incrementarse en maior medida as importacións que as exportacións.

A achega da demanda interna ó PIB

en 2003 ascende a 3,3 puntos, catro décimas máis que no ano anterior. O gasto en consumo final medrou en 2003 un 3,1%, similar ó rexistrado en 2002, en tanto que o investimento (formación bruta de capital fixo) creceu un 3,2%, 1,5 puntos máis do ano precedente. Esta recuperación do investimento é debida, en parte, á evolución dos bens de equipamento, que presentan unha medra do 1,0% fronte á caída do 5,4% rexistrada en 2002, así como ó ritmo de avance da construción (4,3% en 2003 e 5,2% en 2002).

As importacións presentan unha medra do 4,8% en 2003 fronte ó 2,6% rexistrado no caso das exportacións, presentando as importacións e exportacións de bens o perfil máis dinámico, aumentando un 5,2% e un 3,9%, respectivamente. Comparado co ano anterior, as importacións medraron 1,7 puntos porcentuais máis en 2003, sendo este diferencial de 1,4 puntos no caso das exportacións.

## 1.1.3.

## Índices de competitividade de España fronte á UE, ós países desenvolvidos e ós países industrializados 2000-03

	Fronte a UE		Frote a países desenvolvidos (1)		Fronte a países industrializados (2)	
	Con prezos ó consumo	Con prezos industriais	Con prezos ó consumo	Con prezos industriais	Con prezos ó consumo	Con prezos industriais
	(base 1999=100)					
2000	100,4	99,4	97,6	96,9	96,9	96,2
2001	101,4	100,6	98,7	98,3	98,2	97,8
2002	103,0	101,1	101,3	99,8	100,9	99,5
2003	105,4	102,7	105,6	103,3	105,9	103,4

(1) Países desenvolvidos: Os da UE, Australia, Canadá, EEUU, Xapón, Noruega, Nova Zelandia e Suiza.

(2) Países industrializados: Ademais dos desenvolvidos, Corea do Sur, Hong-Kong, Malasia, México, Singapur, Taiwan e Tailandia.

Fonte: Banco de España, Boletín estadístico

Dende a óptica da **oferta**, o devandito **cadro 1.1.2.** reflicte a recuperación das ramas enerxéticas e industrial, que medran un 1,3% (en 2002 ese incremento foi do 0,9% e 0,6%, respectivamente) así como a estabilidade dos servizos (2,4% en 2003 e 2,3% no ano 2002), a ralentización do crecemento da construción (4,3% e 5,2%) e a contracción do sector primario (-1,4% en 2003 fronte á medra do 1,7% no ano anterior).

Este comportamento da actividade económica tivo repercusión directa no **mercado de traballo**, onde o número medio de persoas ocupadas en 2003 medrou un 2,7% respecto ó ano precedente, acadando os 16.694,6 miles de ocupados (437,0 miles de persoas máis). Ó igual que en 2002, os sectores primario e industrial experimentan unha caída da súa ocupación, sendo esta do 2,0% (19,1 miles de persoas menos) no caso do sector primario e do 1,0% (30,3 miles de ocupados menos) no sector industrial. O número de ocupados nas actividades da construción e dos servizos medrou un 3,7% (71,4 miles de ocupados) e 4,1% (415,1 miles de persoas), respectivamente.

A poboación activa (18.821,9 miles de persoas) rexistrou unha medra do 2,6% en relación a 2002, e o número de parados aumentou un 2,1% para situarse nos 2.127,4 miles de persoas. A taxa de paro

permaneceu practicamente estable en 11,3% (11,4% en 2002).

Respecto á **competitividade** da economía española fronte á Unión Europea, a países desenvolvidos e a países industrializados, o **cadro 1.1.3.** reflicte que, ó igual que acontecía no ano 2002, se produce unha perda de competitividade fronte as tres zonas, tanto en termos do IPC como en termos de prezos industriais.

## Panorama económico da eurorrexión

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, tal e como se reflicte no **cadro 1.1.4.**, ocupa unha superficie de 50.853 quilómetros cadrados, e conta a comezos do ano 2002 cunha poboación de 6.395,2 miles de persoas, o que implica unha densidade media de 125,8 habitantes por quilómetro cadrado.

A poboación ocupada no cuarto trimestre do 2003 era de 2.880,3 miles de persoas (un 0,5% máis que no mesmo período do ano anterior), o que representa aproximadamente o 45,0% da poboación total da eurorrexión. Atendendo á distribución segundo sectores económicos, o sector servizos acolle o 50,4% da poboación ocupada total, fronte o 37,4% dos sectores da industria e construción, considerados conxuntamente, e os 12,2% do sector primario.

## 1.1.4.

## Principais indicadores da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal

	Unidade de medida	Período de referencia	Galicia	Rexión Norte	Eurorexión
<b>Superficie</b>	Km <sup>2</sup>	--	29.575	21.278	50.853
<b>Poboación de dereito</b>	miles de persoas	01/01/2002	2.737,4	3.657,8	6.395,2
<b>Densidade poboación</b>	habitantes por km <sup>2</sup>	31/12/2001	92,6	171,9	125,8
<b>Estructura de poboación</b>					
Menores 15 anos			12,3	17,5	
15 - 64 anos	%		68,0	68,5	
Maiores de 65 anos			19,7	14,0	
<b>Poboación ocupada</b>			1.104,8	1.775,5	2.880,3
Agricultura e pesca			132,0	219,4	351,4
Industria e construción	miles de persoas	4º trim. 2003	339,6	738,1	1.077,7
Servizos			633,2	818,0	1.451,2
<b>Taxa de paro</b>	%		13,4	7,1	
<b>Emprego</b>					
Total			57,1	67,8	
Feminina	% poboación 16-64	2002	45,0	59,9	
Masculina			69,3	76,0	
<b>Desemprego</b>					
Total			12,2	4,9	
Longo prazo	%	2002	40,3	37,0	
Feminina			17,5	5,9	
Xoves			24,6	10,0	
<b>Producto Interior Bruto (PIB)</b>	millóns de euros	2001	34.909	35.100	70.009
<b>PIB per cápita (1)</b>	EU-15=100	2001	66,5	56,9	
<b>PIB per cápita (1)</b>	EU-15=100	1999-2001	66,3	57,3	
<b>PIB per cápita (1)</b>	EU-25=100	1999-2001	72,8	63,0	
<b>Educación</b>					
Baixo	% total	2002	62,5	84,1	
Medio			15,9	8,7	
Alto			21,6	7,2	
<b>Patentes</b>	solicitudes / millón hab.	1999-2001	5,0	4,3	

(1) Tense en conta as diferencias en niveis de prezos nacionais que non son tidos en conta polos tipos de cambio

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE, Eurostat, Comisión Europea e Instituto Nacional de Estadística de Portugal

O devandito cadro reflicte a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e no Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da poboación ocupada no sector servizos, que acolle o 57,3% da poboación ocupada fronte ó 46,1% no norte de Portugal, na rexión Norte de Portugal o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é case once puntos superior ó rexistrado en Galicia: o 41,6% e 30,7%, respectivamente. No sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 11,9% da ocupación total en Galicia fronte ó 12,4% no norte de Portugal.

Comparado cos datos rexistrados no mesmo período do ano precedente, o

aumento da poboación ocupada na eurorexión débese ó crecemento da mesma en Galicia, con 17,0 miles de ocupados máis, que compensa a caída da ocupación no Norte de Portugal, con 2,7 miles de ocupados menos. Atendendo á distribución sectorial, na eurorexión rexístrase unha caída da ocupación no sector industrial (40,8 miles de persoas menos) fronte á medra de 45,3 miles de ocupados no sector servizos, e de 9,8 miles de persoas no sector primario.

No concernente ás taxas de desemprego, no cuarto trimestre de 2003 acadada en Galicia un valor moi superior á rexistrada no Norte de Portugal: mentres que en Galicia era do 13,4%, no Norte de Portugal era do 7,1%.



## 1.1.5.

Producto interior bruto per cápita nas CC.AA. 1998-2003

	1998	1999	2000 (1)	2001 (1)	2002 (2)	2003 (3)
	(media española = 100)					
Madrid	133,96	133,91	133,54	134,38	133,62	133,58
Navarra	127,18	126,53	128,29	128,21	129,33	130,17
País Vasco	121,68	123,44	124,10	124,90	125,07	125,66
Cataluña	119,83	120,00	119,11	118,90	118,71	118,37
A Rioxa	114,51	113,19	114,27	112,72	112,72	113,03
Aragón	107,56	106,33	107,51	107,17	108,51	109,54
Baleares	121,75	120,22	116,12	112,84	110,19	107,10
Cantabria	93,14	93,62	94,62	95,92	95,86	96,00
Castela e León	92,62	92,96	93,31	93,36	94,05	95,02
Comunidade Valenciana	96,26	96,00	96,26	95,95	95,80	94,93
Canarias	94,08	94,71	91,45	90,29	89,24	88,03
Asturias	87,66	85,28	85,67	85,66	85,71	86,26
Murcia	85,46	84,97	85,46	85,11	85,68	85,96
Castela-A Mancha	82,87	81,49	81,60	81,72	82,36	82,35
Ceuta e Melilla	83,88	83,66	82,62	81,82	81,98	81,42
<b>Galicia</b>	<b>80,00</b>	<b>80,53</b>	<b>79,84</b>	<b>79,53</b>	<b>79,85</b>	<b>80,17</b>
Andalucía	74,68	74,65	75,76	76,03	76,25	76,62
Extremadura	64,00	65,02	65,96	65,51	66,22	66,45
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

PIB prezos constantes. Base 1995

(1) Estimación provisional

(2) Estimación avance

(3) Primeira estimación

Fonte: INE, Contabilidad Regional de España

Finalmente, se consideramos que o produto interior bruto na UE-15 é igual a 100, no ano 2001 o PIB per cápita en Galicia (en paridade de poder adquisitivo) é superior ó estimado para a rexión Norte de Portugal: 66,5 e 56,9 respectivamente. Se se ten en conta a media dos anos 1999-2001, Galicia presenta un índice nove puntos superior ó rexistrado para o Norte de Portugal: a primeira presenta un 66,3 e a segunda un 57,3.

### Análise da converxencia real

Un último aspecto a considerar é o relativo á análise da converxencia con España e a Unión Europea. Este estudio farase a partir dos datos presentados no 3º Informe Intermedio da Cohesión Económica e Social da Comisión europea (febreiro 2004) e no 1º informe (xaneiro 2002), así como na Contabilidad Regional do INE.

Tomando como indicador de converxencia da economía galega á española o PIB rexionalizable per cápita, no ano 2003 redúcese o distanciamento do mesmo con respecto á media española (media españo-

la=100) acadando o indicador do PIB per cápita (prezos constantes) nese ano un valor de 80,17%, 0,32 puntos porcentuais superior ó de 2002. Comparado coa situación de 1998, o PIB per cápita medra desde o 80,00% ata o devandito 80,17% de 2003.

En relación coas outras comunidades autónomas, os **cadros C.1.2.** e **1.1.5.** reflicten que Galicia é a terceira comunidade co menor valor por diante de Extremadura e Andalucía ó longo dos seis anos considerados.

Se se considera a evolución dos principais indicadores económicos recollidos nos devanditos informes intermedios da cohesión económica e social, o **cadro 1.1.6.** amosa que a taxa media de crecemento do PIB entre os anos 1995 e 2001 foi de 2,8% en Galicia, sendo esta medra nove décimas inferior á rexistrada polo conxunto do Estado, e tres décimas superior á experimentada polos 15 países da Unión Europea consideradas no seu conxunto (dúas décimas se se considera a UE-25).

No contexto europeo (UE-15 = 100), a economía galega presenta no ano 2001

1.1.6.

Evolución de indicadores económicos nas CC.AA., España e a Unión Europea

	PIB por habitante (poder de compra)					Emplego por sectores				Solicitud patentes europeas					
	(media UE-15=100)					(% do total)				(solicitudes / millón hab.)					
	1995-2001 (%)	1999	2001	1999-2001	2001	1999-2001	Agricultura	Industria	Servicios	Agricultura	Industria	Servicios	1998-2000	1999-2001	
Madrid	4,2	102,9	111,6	112,4	112,3	123,3	123,4	0,9	26,0	73,1	0,8	24,5	74,7	37,1	39,8
Navarra	3,6	99,5	104,6	106,2	106,2	116,5	116,6	6,9	40,6	52,5	6,6	37,5	55,9	48,1	49,6
Baleares	5,3	97,2	101,4	105,4	102,4	115,7	112,5	2,0	24,1	74,0	2,0	24,3	73,7	13,5	15,6
País Vasco	3,9	93,3	100,9	105,1	103,6	115,4	113,9	1,7	38,2	60,1	2,0	37,9	60,1	34,3	35,4
Cataluña	3,3	95,6	100,6	100,7	101,2	110,5	111,1	2,7	36,6	60,7	2,5	38,5	58,9	51,3	57,5
A Ríoxa	3,7	89,9	92,9	96,9	94,7	106,3	104,0	9,2	43,9	47,0	9,1	40,4	50,5	9,4	10,5
Aragón	2,9	84,8	86,8	90,5	89,6	99,3	98,5	7,5	36,4	56,1	7,2	35,2	57,6	27,9	30,8
Cantabria	4,2	72,8	77,7	82,7	81,3	90,7	89,4	7,4	34,1	58,5	6,6	33,9	59,5	8,9	7,5
C. Valenciana	4,3	74,3	79,4	81,1	80,8	89,0	88,7	5,6	34,5	59,9	4,1	36,7	59,2	24,8	27,0
Canarias	4,8	75,2	80,9	79,1	79,6	88,1	87,4	6,1	20,2	73,7	4,6	21,3	74,1	7,0	8,9
Castela e León	2,4	74,4	75,3	78,0	77,5	85,6	85,1	10,0	31,5	58,5	9,2	30,9	59,9	9,5	9,9
Asturias	2,4	68,9	71,0	72,4	71,9	79,4	79,0	9,5	32,4	56,1	7,2	31,4	61,4	9,5	9,3
Murcia	4,4	65,3	68,1	71,2	70,5	78,2	77,4	11,9	28,5	59,6	10,7	28,9	60,4	11,2	11,7
Ceuta y Melilla	3,9	65,3	65,4	68,0	69,6	-	-	0,5	12,3	87,2	0,8	7,7	91,5	0,0	0,0
Castela-A Mancha	3,1	64,2	65,0	67,1	67,5	73,7	74,2	10,7	34,1	55,2	9,5	33,6	56,9	6,8	6,0
Galicia	2,8	63,2	65,4	66,5	66,3	73,0	72,8	17,9	29,6	52,4	12,9	32,8	54,3	6,9	5,0
Andalucía	3,9	58,0	60,0	63,1	62,5	69,2	68,7	11,0	24,7	64,3	10,5	25,3	64,3	5,8	6,6
Extremadura	3,5	49,2	51,8	53,5	53,8	58,7	59,1	13,9	25,9	60,2	13,3	25,7	61,0	3,2	2,7
Total	3,7	78,2	82,2	84,2	83,9	92,4	92,2	6,9	30,8	62,4	5,9	31,2	62,9	22,2	24,1
UE 15	2,5	100	100	100	100	109,7	100	4,3	28,9	66,5	4,0	28,2	67,7	140,7	153,6
UE 25 (1)	2,6			91,1	91,0	100	100			5,4		28,8	65,8		128,6

(1) Os países UE-25 son os da UE-15 máis Chipre, República Checa, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, Eslovaquia e Eslovenia.  
 Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de Comisión Europea, Primeiro e Terceiro informe intermedio da cohesión económica e social

un PIB per cápita do 66,5% da media dos quince países da UE, sendo o valor do conxunto do Estado do 84,2%. Os datos recollidos no devandito **cadro 1.1.6.** confirman que este proceso de converxencia non se produciu coa mesma intensidade en tódalas comunidades autónomas, sendo Galicia a segunda comunidade autónoma con menor crecemento do valor do índice PIB per cápita (UE-15 = 100) entre 1995 e 2002 (3,3 puntos máis), por diante de Castela A Mancha (2,9 puntos máis), ademais de Ceuta e Melilla (2,7 puntos).

Coa excepción de Navarra, a segunda comunidade autónoma co maior índice PIB per cápita (UE-15 = 100) en 2001, cunha medra de 6,7 puntos, é Cantabria, cun incremento de 9,9 puntos entre 1995 e 2001, as catro primeiras comunidades en canto ó valor do devandito índice en 2001 son as que presentan o maior incremento (Madrid, con 9,5 puntos máis; Baleares, con 8,2 puntos; e País Vasco, con 11,8 puntos máis). O incremento experimentado no conxunto do Estado entre 1995 e 2001 foi de 6 puntos.

Se se teñen en conta os 25 países que forman a UE a partir do 1 de maio de 2004, o PIB per cápita de Galicia pasaría do devandito 66,5% da media dos actuais 15 países da UE ó 73,0% da media da Europa de 25 países en 2001 (último dato dispoñible)

No concernente ó **mercado de traballo**, cómpre salientar en primeiro lugar a diferente distribución sectorial que presentan as comunidades autónomas e a Unión Europea. Mentres que en Galicia o sector agrario acollía en 2002 o 12,9% do emprego (superada tan só por Estremadura, co 13,3%), este representaba o 5,9% no conxunto do Estado, e o 4,0% na UE-15 e 5,4% na UE ampliada a 25 países. O sector industrial acolle o 32,8% do emprego (1,6 puntos máis que en España) e os servizos o 54,3% (8,6 puntos menos que de

media en España), sendo estas porcentaxes de 28,2% e 67,7% na UE-15 e de 28,8% e 65,8% na UE-25.

Comparado cos datos do ano 2000, o peso relativo do emprego agrario en Galicia descende en cinco puntos, sendo a medra nos sectores industriais e de servizos de 3,2 puntos e 2,1 puntos, respectivamente. Mentres que no conxunto do estado, descende a importancia relativa do emprego agrario nun punto, medrando lixeiramente a da industria e dos servizos, na UE-15 descende lixeiramente o emprego agrario e industrial, incrementándose o peso relativo do emprego no sector servizos.

O **cadro 1.1.7.** reflicte que a taxa de desemprego en Galicia en 2002 ascendeu a 12,2%, sendo do 17,5% no caso das mulleres e de 24,6% no dos novos. Comparado co resto das comunidades autónomas, nese ano as taxas de desemprego tan só son inferiores ás rexistradas en Andalucía e Estremadura (sete puntos no caso da taxa de desemprego total e dos novos, e 11 no caso das mulleres).

No conxunto do Estado a taxa de desemprego total ascendeu a 11,4% en 2002, sendo de 16,4% e 22,2% no caso das mulleres e dos novos, respectivamente. Na UE-15 a taxa de desemprego ascende ó 7,8%, sendo do 8,8% no caso das mulleres e do 15,2% no caso dos novos.

No caso do desemprego a longo prazo, o devandito **cadro 1.1.7.** amosa que este afecta ó 40,5% dos desempregados galegos en 2002 (47,1% en 2000) fronte ó 34,2% do conxunto do estado e o 40,2% de media na UE-15 (41,0% e 44,8% en 2000, respectivamente). Comparado co resto das comunidades autónomas, en 2002 Cantabria, con 49,7%, Asturias, con 46,9%, País Vasco, con 41,2%, e Ceuta e Melilla, con 41,3%, presentan unha porcentaxe de desempregados de longa duración superior ó galego.

1.1.7.

Indicadores de mercado de traballo nas CC.AA., España e a Unión Europea 2000-02

	Taxa de emprego			Taxa de paro			T. paro longo prazo (2)					
	Femenina		Total	Mulleres		Total	Mulleres		Total			
	2000	Masculina	(%)	2000	Novos	(%)	2002	Novos	2000			
Andalucía	45,4	30,2	61,0	49,6	33,6	65,6	25,3	35,6	19,6	31,5	37,2	33,1
Aragón	60,0	42,7	76,9	62,0	45,9	77,6	7,3	13,2	18,0	5,5	13,8	26,0
Asturias	47,5	33,5	62,2	51,5	38,2	65,0	17,9	26,7	35,6	9,8	23,1	56,3
Baleares	65,5	53,1	78,6	65,8	53,9	77,3	4,8	7,6	10,4	7,3	14,9	16,7
Canarias	53,9	40,3	68,2	57,6	44,1	70,7	14,5	20,5	25,6	11,1	19,8	32,1
Cantabria	50,0	34,0	67,3	56,7	41,3	72,0	14,2	22,6	32,2	10,1	23,4	49,7
Castela-A Mancha	54,6	34,4	74,7	57,6	38,5	75,9	12,7	22,0	20,1	9,4	16,4	30,8
Castela e León	54,0	37,2	70,8	57,4	41,4	72,9	14,1	23,6	30,9	10,4	17,4	36,4
Cataluña	63,0	50,6	75,8	64,7	52,0	77,2	9,0	12,5	18,6	9,6	19,5	37,2
C. Valenciana	58,1	43,0	73,8	60,8	46,9	74,6	11,9	18,1	21,5	10,3	20,1	24,9
Extremadura	48,3	31,4	64,8	50,7	33,7	67,0	24,8	37,0	35,1	19,2	31,7	30,4
Galicia	55,5	43,6	67,7	57,1	45,0	69,3	15,0	20,6	29,0	12,2	17,5	40,5
Madrid	57,5	43,8	71,7	62,8	49,9	76,0	11,9	16,8	22,9	7,1	10,3	39,7
Murcia	56,5	39,7	74,1	57,8	41,4	74,0	12,0	18,0	23,2	11,3	22,2	27,1
Navarra	63,5	47,5	79,0	64,4	50,0	78,2	4,9	8,8	13,9	5,6	12,9	25,9
País Vasco	57,3	43,7	71,4	61,1	48,1	74,0	12,4	18,7	25,3	9,4	22,1	41,2
A Rioxa	59,4	41,5	76,7	61,3	44,8	77,0	8,1	15,9	18,6	6,9	14,6	37,4
Ceuta y Melilla	46,0	29,3	64,8	49,7	31,5	65,8	25,5	36,6	43,1			41,3
Total	55,2	40,6	70,2	58,4	44,1	72,6	14,4	21,0	26,4	11,4	16,4	34,2
UE 15	63,8	54,3	73,4	64,2	55,6	72,9	8,4	9,9	16,1	7,8	8,8	40,2
UE 25 (1)				62,8	54,6	71,1				9,0	10,0	44,8

(1) Os países UE-25 son os da UE-15 máis Chipre, República Checa, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, Eslovaquia e Eslovenia.

(2) Percentaxe do desemprego total

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de Comisión Europea, Primeiro e Terceiro informe intermedio da cohesión económica e social

Atendendo ós datos do devandito *Terceiro Informe Intermedio sobre a Cohesión Económica e Social* da Comisión Europea (febreiro 2004), o 62,5% da poboación galega entre 25 e 64 anos presenta un **nivel de instrucción** considerado como escaso, mentres que o nivel de instrucción para un 15,9% da poboación é medio e para un 21,6% é considerado como elevado. Tal e como reflicte o **cadro 4.5.2.** (*Nivel de instrucción da poboación nas CC.AA., UE-15 e UE-25 2000-02*), o nivel de instrucción no conxunto do Estado é escaso para o 58,3% da poboación considerada, sendo estas porcentaxes do 17,3% e 24,4% no caso dos niveis de instrucción medio e elevado, respectivamente.

Na Unión Europea (UE-15), o 35,4% da poboación entre 25 e 64 anos presenta un nivel de instrucción baixo, sendo esta porcentaxe do 42,9% no caso do nivel medio e do 21,8% para o nivel elevado de instrucción. No caso da Unión Europea ampliada (UE-25) o 32,6% da poboación considerada presenta un nivel de instrucción considerado como baixo, mentres que é considerado como medio e elevado para un 46,7% e 20,6%, respectivamente. ■

